

Día a día con diabetes

Ciclo: 1º

Tema: No colexio

PROFESOR

ALUMNO



www.fundaciondiabetes.org

Ás veces, vas ver o teu compañeiro facer algunhas cousas pouco habituais.

Ten en conta que facelas é importante para que controle ben a súa diabetes.



Antes de comer o bocadillo do recreo, mide a glicosa e pícase insulina.



Antes da clase de educación física mide a glicosa e, ás veces, come ou bebe algo.



Antes de comer, mide a glicosa e pícase insulina.



Cando se sente un pouco mal (mareado ou suorento), mide a glicosa e quizais teña que comer ou beber algo.

Mesmo pode necesitar comer algo na metade dunha clase. Non te sorprendas se lle ves beber un zume mentres está a explicar a profesora.

Cando se ten demasiada glicosa poden entrarlle moitas ganas de mexar. Tampouco penses que é un "enchufado" do profesor se lle deixa saír ao baño e a ti non.